

# Que bonificacións existen ao contratar a unha persoa con discapacidade?

O Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) proporciona bonificacións e reducións á Seguridade Social ao contratar a persoas con discapacidade. O tipo de incentivo varía dependendo do tipo de contrato.

A Federación Down Galicia e as súas entidades ofrecen asesoramento e documentación oficial para facilitar este proceso. A continuación preséntase un resumo dos incentivos vixentes:

## CONTRATO INDEFINIDO

As bonificacións duran toda a vixencia do contrato.

### Contrato a persoa con discapacidade non severa

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	4.500 €	5.700 €
Mulleres	5.350 €	

### Contrato a persoa con discapacidade severa\*

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	5.100 €	6.300 €
Mulleres	5.950 €	

### Contrato a persoa con discapac. intelectual límite

Bonificación de 1.500 euros ao ano durante 4 anos.

## CONVERSIÓN EN CONTRATO INDEFINIDO

### Conversión de contratos temporais de fomento do emprego, así como de contratos formativos nas empresas ordinarias

Mesmo réxime que a contratación indefinida inicial.

## Cofinanciación do Fondo Social Europeo

As bonificacións deste documento poderán estar cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Fonte: [Ministerio de Trabajo e Economía Social](#)

\*Persoa con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual ≥ ao 33%, ou persoa con discapacidade física ou sensorial ≥ ao 65%.

## CONTRATO TEMPORAL

### Contrato temporal de Fomento de Emprego

As bonificacións duran toda a vixencia do contrato.

### Contrato a persoa con discapacidade non severa

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	3.500 €	4.100 €
Mulleres	4.100 €	4.700 €

### Contrato a persoa con discapacidade severa\*

Bonificación	< 45 anos	≥ 45 anos
Homes	4.100 €	4.700 €
Mulleres	4.700 €	5.300 €

### Contrato de formación en alternancia

Redución das cotas empresariais por todos os conceptos e cotas de recadación conxunta (Lei 3/2012)

- Empresas con menos de 250 traballador@s: 100%
- Empresas con 250 traballador@s ou máis: 75%

### Contrato para a formación en alternancia (sen límite de idade se non se optou pola redución da lei 3/2012) e contrato en prácticas

Bonificación do 50% da cota empresarial por continxencias comúns.

### Contratos de substitución con desempregad@ con discapacidade para substituír a traballador@s con discapacidade en situación de incapacidade temporal

Bonificación do 100% das cotas empresariais á Seguridade Social por todos os conceptos e cotas de recadación en conxunto.